

## Á ATENCIÓN DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL



**Expte: H/27/93-0218**

**Expte sancionador: S/27/0148/15**

**Asunto: ACHEGAS DE ADEGA AO PREGO DE CARGOS DO EXPEDIENTE SANCIONADOR INCOADO**

O pasado 25 de xaneiro de 2016, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) recibe por parte da Confederación Hidrográfica Miño-Sil copia das alegacións do Concello de Lugo e da empresa INCA ao Prego de Cargos do expediente sancionador S/27/0148/15, incoado contra o concello e a empresa citada por “Incumprimento das condicións particulares 1ª e 13ª da concesión administrativa H27/93-0218 de 06/05/2015, ao comezar a execución dunha ataguía provisional situada no azude do Caneiro da Luz inmediatamente augas arriba da entrada da canle de derivación cara á central hidroeléctrica nun lugar distinto, concretamente uns 150 metros augas arriba, do lugar contemplado no Proxecto dos dispositivos de franqueo, de protección de fauna, caudal mínimo e medidas de protección do hábitat e no Estudo de Impacto ambiental de Protección e Rehabilitación da Central Hidroeléctrica denominada Fábrica da Luz e na Declaración de Impacto Ambiental, no leito do río Miño á altura do azude do Caneiro da Luz, no termo municipal de Lugo (Lugo)”, co obxecto de alegar e presentar os documentos que esta Asociación estime oportunos ao presente expediente sancionador.

A este respecto, XXXXXXXXXXXX, con DNI. XXXXXXX, como representante de ADEGA na súa delegación en Lugo, e enderezo postal a efectos de notificación Ronda de Fontiñas, 180 Entrechán, 27002 Lugo, presenta as seguintes

### ACHEGAS

**PRIMEIRA.- Inexistencia desta ataguía no Proxecto dos dispositivos de franqueo, no Proxecto de Rehabilitación e na Declaración de Impacto ambiental.**

Efectivamente, e a bo criterio deste Organismo de Bacía, se incoa expediente sancionador, ao comprobar que a localización das obras efectuadas pola empresa, obxecto deste expediente sancionador, non se adecúan á localización de dita ataguía establecida no Estudo de Impacto Ambiental nin na Declaración de Impacto ambiental que ampara o proxecto, aprobada o 20 de xullo de 2012.

Como se pode comprobar no Anexo I que se acompaña a este escrito, nin no plano nº 9, nin no plano nº 20 do Estudo de Impacto Ambiental (EIA), aparece reflectida a construción desta ataguía no espazo afectado, pois, aínda que se faga referencia á reparación do azude “Caneiro da Luz” e á “Limpeza da toma” no apartado 4.2.1 do EIA (páxina 142), non existe documento obxectivo e

probatorio en todo o expediente de que a construción de tal ataguía se teña autorizado no lugar no que foi construída, polo que non cabe identificar as obras efectuadas coa ataguía á que se fai referencia no devandito apartado da EIA.

A empresa INCA, con data 14 de outubro de 2015, remite á Confederación Hidrográfica Miño-Sil escrito no que achega por primeira vez en todo o procedemento administrativo un plano no que se localiza dita ataguía (Anexo II), augas arriba da canle de derivación, pero que non se corresponde con ningunha das localizacións das ataguías avaliadas e amparadas pola Declaración de Impacto Ambiental (DIA), nin polo proxecto de rehabilitación, sendo situada no espazo natural protexido á discrecionalidade da propia empresa, indicando mesmo que *“no ejecutarlo en esta zona implicaría una afección mucho mayor, tanto por generar turbidez en el flujo de agua como por la posible afección a fauna acuática no detectable en la fase de vaciado tras la ataguía”*.

Desde ADEGA consideramos que a empresa trata de xustificar a súa decisión arbitraria de localización da ataguía, mesmo atribuíndose competencias en materia de avaliación ambiental que non lle son propias, aínda que ao mesmo tempo reconece que a execución da ataguía leva aparelado un impacto ambiental que non foi avaliado, ao realizarse o dique nun lugar non previsto polo EIA, e polo tanto, tampouco previsto na DIA.

**SEGUNDA.- Inicio dos traballos sen a autorización da CHMS nin da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, da Xunta de Galicia.**

O 14 de outubro de 2015, a empresa INCA envía á Confederación Hidrográfica Miño-Sil notificación (anexo II) de que vai comezar as obras da ataguía obxecto de debate e, ao cabo de case un mes (o 10 de novembro de 2015), comeza as obras sen autorización expresa do Organismo da Bacía, alegando que tardaron moito tempo en contestar.

Desde ADEGA consideramos que non é asumible que a empresa comece as obras sen a expresa autorización do Organismo de Bacía polo mero feito de que esta tarde en contestar, e antes de que se emitise o informe técnico previo do Xefe do Servizo de Aproveitamentos Hidroeléctricos e Presas de data 23/11/2015, onde se comproba que a localización do dique proposto non obedece á localización prevista pola DIA, o que vén a refrendar que a autorización expresa do Organismo de Bacía era ineludible e preceptiva.

Ademais, así o establecen os artigos da Lei de Augas e de Dominio Público Hidráulico que a empresa di cumprir, pero que, pola contra, incumpre segundo ditan os feitos descritos. Así pois, cabe salientar o incumprimento dos seguintes artigos destas dúas normativas:

-Art. 77.1: *“La utilización o aprovechamiento por los particulares de los cauces o de los bienes situados en ellos requerirá la previa concesión o autorización administrativa”*.

-Art. 72.1: *“La utilización o aprovechamiento por los particulares de los cauces o de los bienes situados en ellos requerirá la previa autorización administrativa”*.

-Art. 93.1: *“Todo uso privativo de las augas no incluído en el artículo 54 del texto refundido de la Ley de Aguas requiere concesión administrativa. Su otorgamiento será discrecional. Pero toda resolución será motivada y adoptada en función del interés público. Las concesiones serán susceptibles de revisión con arreglo a lo establecido en el artículo 65 del texto refundido de la Ley de Aguas”*.

Pero é que ademais da autorización previa da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, tamén era preceptiva a autorización do organismo autonómico competente na tutela dos espazos protexidos como Rede Natura 2000, é dicir, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de

Galicia, á que nin tan sequera se lle notifica a intención de iniciar as obras. De aí que o 25 de novembro de 2015, os axentes ambientais da D.X. de Conservación da Natureza, alertados polo inicio inagardado destas obras, presenten denuncia diante do Xefe territorial da Consellería de Medio ambiente, dando conta de que as obras que se estaban a efectuar no leito do río se realizaban “en contra da autorización concedida por este organismo, órgano competente para a súa tramitación”, e na que recoñecen o carácter de tutela que a Xunta ostenta neste espazo natural protexido.

Ademais hai que ter en conta que a propia DIA, no seu apartado 5 referido ás “Condicións do proxecto”, indica que: *“El proyecto deberá aportar de forma concreta las actuaciones que se llevarán a cabo para fomentar la formación de pozas en el cauce, así como los detalles referentes a la instalación de las rejillas proyectadas. Esta Información deberá ser remitida a la Dirección General de Conservación de la Naturaleza de la Junta de Galicia para su aceptación”*.

Por tanto, a Resolución da Declaración de Impacto Ambiental 20/07/2012 (BOE 189, 8/08/2012) non faculta *per se* ao promotor a dar comezo as obras nin eludir a necesidade de solicitar as autorizacións correspondentes. Máxime cando a área afectada é un espazo natural protexido, declarado como Zona de Especial Protección dos Valores Ambientais (Decreto 72/2004, do 2 de abril), polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais, (DOG 12/04/2004), e onde a realización de calquera obra, en coherencia coa Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, deberá contar coa correspondente resolución do órgano autonómico substantivo en conservación da biodiversidade e dos espazos naturais, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, a quen o promotor debería entregar un calendario completo das actuacións, así como unha memoria das mesmas acorde cos requirimentos que a propia Resolución de Impacto Ambiental contempla. Por conseguinte, ditas obras realizáronse á marxe do establecido no Decreto 72/2004 e na Lei 9/2001 de Conservación da Natureza:

“Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais, (DOG 12/04/2004).

Artigo 2º.-Usos e actividades.

1. De acordo co establecido non artigo 16 dá Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza, os usos e actividades que se viñan realizando nestes espazos e que non vulneren vos seus valores naturais, podar seguir levando a cabo, do xeito tradicional.
2. A realización de actividades non previstas anteriormente, e que poidan poñer en perigo os valores que xustifican a protección destes espazos requirirán autorización previa dá Consellería de Medio Ambiente”.

Para máis abondamento, tamén se incumpre o artigo 59.8 do Texto Refundido da Lei de Augas que establece que: *“El otorgamiento de una concesión no exime al concesionario de la obtención de cualquier otro tipo de autorización o licencia que conforme a otras leyes se exija a su actividad o instalaciones”*.

### **TERCEIRA.- Realización das obras fóra da época de estiaxe.**

Desde a data de inicio das obras (10 de novembro de 2015) ata a data de remate das obras de reforzamento da ataguía (20 de decembro de 2015), autorizadas pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil (e que ao entender de ADEGA, foron autorizadas de forma inxustificable), non se pode considerar un período de estiaxe ou de caudais mínimos no río Miño, polo que se incumpriu a resolución da DIA (BOE 189, 08/08/2012) en canto á obriga de executar as obras en época de estiaxe.

O período de estiaxe no río Miño estímase de forma ordinaria entre os meses de Agosto e Setembro, tal e como queda patente na propia información achegada polo promotor e nos informes dos órganos ambientais. Cabe resaltar que a este respecto, que a Dirección Xeral de Conservación da Natureza achegou ao expediente varios informes nos que se especificaba claramente e de forma reiterada que as obras debían efectuarse en época de estiaxe e a cal corresponde esta no treito afectado do río Miño:

-Informe da DXCN (23 de novembro de 2011): “*Es necesario **trabajar en seco** en tres zonas: las zonas de ejecución de las escalas de peces y las instalaciones de la propia fábrica. Por ello, y en todos los casos **las obras se llevarán a cabo en épocas de estiaje** a fin de que los caudales a desviar mediante ataguías sean los mínimos posibles*”.

-Informe da DXCN (14 de xullo de 2010). Neste informe establécese cal é a época de estiaxe, que claramente especifica como os meses de xullo, agosto e setembro: “*El régimen de caudales naturales en el punto de captación se asemeja al de la estación de aforos nº 621, Miño en Lugo, y sus valores medios mensuales se exponen en la siguiente tabla (periodo 1963-64 a 2001-02)*”:

Tabla 1.- Régimen natural de caudales en la estación de aforos nº 621 m3/s)

Tabla 1.- Régimen natural de caudales en la estación de aforos nº 621 (m³/s)

O	N	D	E	F	M	A	M	J	J	A	S
23,2	46,5	78,9	95,2	91,5	68,9	61,5	43,6	23,5	11,1	7,4	10,0

*El módulo interanual resulta ser de 46,77 m3/s y el caudal medio de estiaje de 9,5 m3/s (promedio de los meses de julio, agosto y septiembre). En el proyecto se propone un caudal mínimo del 10% del módulo, concretado en 4,68 m3/s, si bien para el cálculo de las horas de funcionamiento de la central se ha estimado un caudal ecológico de 6 m3/s. En el cuadro de horas de funcionamiento previstas se prevé la inactividad de la central durante los meses de julio, agosto y septiembre*”.

-Informes da DXC do 19 de outubro de 2009 e do 14 de xullo de 2010, nos que se recoñece que o mes máis seco do ano no río Miño é o de setembro: “*Analizando el régimen natural de caudales en el punto de captación, se comprueba que este caudal es inferior al caudal medio del mes más seco del año (septiembre con 7,37 m³/s).*”

#### **CUARTA.- Características construtivas da ataguía diferentes ás ataguías si amparadas pola DIA.**

Segundo o EIA, as ataguías contempladas no proxecto de rehabilitación e aumento do caudal da fábrica da luz deben realizarse con “*escollera limpia*”. Sen embargo, a ataguía obxecto de expediente sancionador foi construída con pedra e terra, como se pode comprobar nas imaxes achegadas no Anexo III e, mesmo, sen aterse ás características construtivas deseñadas nos planos do proxecto (plano nº 20, anexo I) e tal e como recoñece a Confederación Hidrográfica Miño-Sil no escrito de resolución das medidas cautelares previas á incoación do expediente asinado polo Presidente deste Organismo no que se observan facilmente as diferenzas (Anexo IV). A este respecto, debemos concluír que a empresa INCA, non só actuou discrecionalmente na localización da ataguía, senón que tamén o fixo no método e forma de construción do dique.

Tampouco os informes emitidos pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia amparan a utilización de terra para a construción das ataguías. No informe do 23 de

novembro de 2011 di textualmente: “*A fin de minimizar el enturbiamiento de las aguas no se plantean ataguías de tierra, sino de escollera. Para impermeabilizar esta escollera se revestirá en la cara de agua con una lámina de polipropileno impermeabilizante*”.

A utilización de terra na construción da ataguía, incumprindo as condicións da DIA, é outro factor con potencial impacto sobre o espazo afectado que non foi adecuadamente avaliado no Estudo de Impacto ambiental, e nun espazo natural protexido cun alto valor ambiental no que existen distintas especies protexidas de flora e fauna silvestre e distintos hábitats (un deles prioritario). É previsible que a simple existencia desa ataguía no leito do río Miño, e no lugar no que foi concibida, estea xa a incidir negativamente na conservación destas especies e hábitats protexidos, pois esta execución de obra, ao non estar contemplada no proxecto, tampouco puido ser obxecto de actuacións correctoras para a minimización do seu impacto negativo sobre aquelas especies protexidas que se atopan no espazo.

**QUINTA.- Recoñecemento implícito do impacto ambiental da ataguía e do dragado da canle sobre especies protexidas e cuxo impacto non foi avaliado pola DIA.**

Na páxina 11 das alegacións da empresa INCA a este expediente sancionador indícase que “*se adjunta a este escrito un informe sobre las actuaciones previstas durante el vaciado y dragado del Canal de la Fábrica da Luz realizado por un biólogo, empresa de pesca eléctrica y empresa de control de parámetros ambientales como DOCUMENTO N°10. Como se puede observar, en este escrito figura que al mejillón de río (Margaritifera margaritifera) está en la última hoja en el párrafo central, donde se indican las condiciones que se deben dar en el hábitat para que soporte su presencia donde dice que únicamente habita en ríos salmoneros, condiciones que no se cumplirán al ser este tramo de canal artificial, con la antropización que so supone*”.

É de resaltar que neste parágrafo de alegacións da empresa INCA se destacan certos aspectos sobre o impacto ambiental das obras que veñen a refrendar a nosa posición, en canto a que se asume o seguinte:

-1º A especie vulnerable *Margaritifera margaritifera* pode estar presente no espazo afectado pola construción do dique, polo que se recoñece implicitamente que a afección a esta especie non foi avaliada correspondentemente nin polo EIA nin pola DIA. Cabe incidir, en que tampouco foron avaliados outros compoñentes da biodiversidade presentes nesta área de actuación (*Lutra lutra*, *Nymphoides peltata*, *Anodonta cygnea*, *Isoetes fluitans*, etc).

-2º A zona afectada sufrirá unha “antropización” de tal calibre que a canle de dragado será totalmente artificial, desprezando a existencia de calquera elemento natural nunha Zona de Especial Protección polos seus Valores Ambientais e Rede Natura 2000. Este aspecto non debiera ser asumido por este Organismo de Bacía nin polo organismo ambiental da Xunta, xa que vai en contra das normativas relativas á Conservación da Natureza.

-3º As medidas de mitigación de impacto ou corrección de impacto sobre o mexillón de río, formuladas pola empresa nas súas alegacións (documento nº 10), non aseguran en ningún momento a protección da especie e menos aínda o mantemento nun estado de conservación favorable da mesma (DC 92/43/CEE, Lei 42/2007). A empresa estaría ademais a saltarse o procedemento ordinario e legal para poder proceder á súa realización.

*Margaritifera margaritifera* é unha especie catalogada como de “interese comunitario” (Anexo II da DC 92/43/CEE), como “Especie silvestre en réxime de protección especial” (Real

Decreto 139/2011) e como especie “Vulnerable” pola lexislación galega (Decreto, 88/2007). Calquera actuación que incida directa ou indirectamente sobre as súas poboacións ou sobre o seu hábitat, necesita da autorización pertinente por parte da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia, a cal deberá axustarse ás especificacións establecidas no Decreto 88/2007, así como ás do propio Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014, de 27 de marzo), polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, (DOG 31/03/2014), ao atoparse no caso da Fábrica da Luz de Lugo incluídas dentro dun espazo natural da Rede Natura 2000, a ZEC Parga-Ladra-Támoga. Iso obrigaría a someter as mesmas a un procedemento de avaliación ambiental, xa que no anterior, non se contemplou a presenza desta especie, como tampouco se contemplou a presenza doutras igualmente protexidas e presentes no caneiro da Fábrica da Luz (*Nymphoides peltata*, *Isoetes fluitans*, *Anodonta cygnea*, *Lutra lutra* etc), como se indicou xa anteriormente.

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil carece de competencia sobre a protección ou conservación desta especie, e por conseguinte, carece de potestade para aprobar as propostas de xestión que expón o promotor sobre unha especie estritamente protexida que se atopa dentro dun espazo natural protexido que, á súa vez, é un espazo natural da Rede Natura 2000.

#### **SEXTA.- Modificación substancial do proxecto aprobado.**

En definitiva, o feito de que esta obra afecte a un espazo natural protexido como ZEPVN e Rede Natura 2000, e non estivese contemplada nin amparada polo Estudo de Impacto Ambiental, nin pola Declaración de Impacto Ambiental, nin se axuste ao proxecto de rehabilitación da central hidroeléctrica a fábrica da luz, nin ao proxecto dos dispositivos de franqueo, de protección de fauna, caudal mínimo, e medidas de protección do hábitat, implica considerar a devandita obra fóra da legalidade vixente e allea ao que se entende por “unha pequena variación ou modificación do proxecto”. Trátase, en todo caso, dunha modificación substancial do proxecto que non pasou a súa preceptiva avaliación de impacto ambiental e, por tanto, con consecuencias imprevisibles, tanto para as condicións hidrolóxicas do río, como para á integridade do espazo protexido, como para as especies e hábitats alí presentes, como para o estado xeomorfolóxico da bacía, que deberían ter sido avaliadas antes da execución deste dique, e que sen embargo, foron obviadas.

Ademais da localización discrecional da ataguía neste espazo fluvial protexido, tampouco houbo oportunidade de valorar os impactos ambientais derivados dos cambios nas características construtivas da ataguía (diferentes ás das outras ataguías amparadas na DIA), da utilización de terra na súa construción, ou de ter actuado fóra da época de estiaxe do río Miño.

Por tanto, esta modificación do proxecto non é unha pequena variación do mesmo. A súa envergadura e potencial impacto exixirían o amparo legal preceptivo, non só da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, senón da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia e do propio Ministerio de Medio Ambiente, a través da Secretaría de Estado de Medio ambiente, previa aprobación da avaliación de impacto ambiental deste engadido do proxecto, como así o dispón a Lei 1/2008 de Avaliación de Impacto ambiental na súa sección 2ª:

“Calquera cambio ou ampliación dos proxectos que figuran nos anexos I e II xa autorizados, executados ou en proceso de execución (modificación ou extensión non recollidas no anexo I) que poden ter efectos adversos significativos sobre o medio ambiente, cando produza algunha incidencia nas áreas de especial protección designadas en aplicación ás Directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE”.

Por todo o anteriormente dito, e conforme ao dereito que me ampara,

**SOLICITO:**

- 1. -Que se sancione á empresa por todas as irregularidades descritas competencia deste Organismo de Bacía e polo incumprimento das condicións particulares 1 e 13 da concesión administrativa H27/93-0218 de 06/05/2015.**
- 2.- Que este Organismo de Bacía orde a reposición do espazo afectado ao seu estado orixinal en canto as condicións meteorolóxicas, hidrolóxicas e ambientais sexan as máis favorables.**
- 3. -Que se revise o alcance do incumprimento destas e doutras condicións da concesión para resolver, se cabe, á revogación da mesma.**

Así mesmo, solicítase á Confederación Hidrográfica Miño-Sil que se teña por presentado este documento de achegas da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) e que se teña en consideración para a resolución do presente expediente sancionador.

En Lugo, a 8 de febreiro de 2016

Asina